



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



## **PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE ALBA**

# PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE ALBA

INTRODUCCIÓN .....	2
1. ANTECEDENTES .....	2
2. OBXECTO .....	2
3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	2
4. CONTIDOS DOS PLANOS .....	3
5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS .....	4
6. FONTES DE INFORMACIÓN .....	4
MEMORIA.....	5
1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL .....	5
2. DIAGNOSE.....	7
3. PROPOSTAS .....	8
4. PRIORIZACIÓN.....	9
5. PLANOS.....	10

# INTRODUCCIÓN

## 1. ANTECEDENTES

O concello de Pontevedra pretende que o rural e os barrios, así como a participación social, adquiren un protagonismo específico nas actuacións a desenvolver. Por este motivo, levou a cabo a elaboración dos Planos Específicos de Infraestruturas das parroquias do rural do termino municipal.

Os obxectivos destes Plans Específicos de Infraestruturas das Parroquias son, polo tanto:

1. Potenciar a identidade parroquial.
2. Vertebración e cohesión social, e creación de núcleos de centralidade parroquial.
3. Mellora da calidade de vida, achegando o modelo do centro e dos barrios urbanos ao rural.

Para a redacción dos mesmos, seguíronse as condición e determinacións fixadas no Prego de Prescricións Técnicas publicado ao efecto. Por outra banda, o técnico contratado para levar a cabo estas tarefas fíxose cargo tanto da realización dos traballos de campo e elaboración da documentación definitiva, como de prestar o oportuno asesoramento nas reunións cos veciños e axentes sociais implicados.

Foi durante estas reunión que se chegou a conclusión de que a maneira óptima de levar a cabo tan ampla labor era a catalogación das necesidades dos veciños en grupos temáticos. Así, diferenciamos os seguintes conxuntos de propostas:

- Viario peonil
- Plan de arranxo de fontes
- Plan de arranxo de pistas
- Roteiro interparroquial
- Conservación de patrimonio
- Equipamentos
- Saneamento
- Seguranza viaria

## 2. OBXECTO

Estes “Planos Específicos de Infraestruturas de Parroquia” teñen por obxecto recoller todas as necesidades e actuacións concretas en todos os ámbitos: patrimonial e cultural, recursos ambientais, mobilidade, servizos (lixo, ciclo da auga, iluminación...), dotacións e equipamentos, e calquera outro que se poida priorizar colectivamente mediante a participación veciñal.

Así mesmo, redáctase una serie de propostas a partir das necesidades dos veciños, para cada unha das áreas citadas, xunto con unha valoración e priorización das mesmas.

Xerouse un plano específico por cada parroquia cos contidos citados.

## 3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de desenvolvemento dos Planos específicos de infraestruturas serán as trece parroquias do rural do concello de Pontevedra que contan con Consello Parroquial. A saber:

- |       |             |           |
|-------|-------------|-----------|
| -Alba | -Campañó    | -Lérez    |
| -Bora | -Cerponzóns | -Lourizán |

-Marcón  
-Mourete  
-Salcedo

-Santa María de Xeve  
-Santo André de Xeve  
-Tomeza

-Verducido

## **4. CONTIDOS DOS PLANOS**

Para cada unha das parroquias sinaladas, redactouse un Plano individual, co seguinte contido:

### **1. Caracterización da situación actual**

- Características físicas.
- Características demográficas e socioeconómicas. Distribución de actividades por áreas.
- Recursos culturais e patrimoniais: Patrimonio arquitectónico, escultórico, etnográfico, lingüístico, etnográfico e histórico.
- Recursos ambientais: Auga, regatos, zonas húmidas, monte, núcleos de poboación, resto do territorio.
- Rede viaria e mobilidade.
- Servizos: Ciclo da auga (abastecemento público, traídas veciñais, colectores de saneamento), iluminación pública, recollida do lixo e outros.
- Dotacións: Centros cívicos, parques infantís, zonas de lecer, educacional, etc.
- Todos aqueles recursos e características propias xurdiron da participación colectiva.

Esta caracterización levouse a cabo a partir dos datos cartográficos facilitados polo Concello, completados mediante os correspondentes traballos de campo e reunións cos axentes implicados en cada parroquia.

### **2. Diagnose**

Realizouse unha diagnose do estado de cada unha das parroquias do rural de Pontevedra, sinalándose as súas carencias e detectando as súas potencialidades, a partir da análise da situación actual e da súa previsible evolución.

### **3. Propostas**

Propúxose unha serie de programas de actuación a desenvolver en cada parroquia para acadar os obxectivos do plano:

- Recursos culturais e patrimoniais: catalogación, protección normativa, actuacións de fomento e mellora: obras, sinalización, proteccións físicas.
- Recursos ambientais: eliminación de elementos de deterioro, actuacións de mellora, sendas, parques forestais ...
- Rede viaria e mobilidade: ordenación e reordenación de USOS, potenciación da mobilidade amable, direccións únicas, dotación de beirarrúas, sostemento dos pavimentos, seguridade viaria (limitación de velocidade, elementos de calmado de tráfico, sinalización).
- Servizos: ciclo da auga (potenciación das traídas veciñais, subministro público en zonas nas que se necesite, completar a rede de sumidoiros con racionalidade), iluminación pública (completar onde sexa necesaria, iluminar elementos senlleiros), recollida do lixo (reaxuste de certos elementos do servizo, procedemento para actuar sobre animais abandonados ou mortos, información sobre punto limpo). Cabe sinalar que, aínda que o saneamento estivo incluído no listado de demandas dos

consellos parroquiais, non foi valorado nin priorizado, por depender a súa execución de acordos con administracións superiores.

•Dotacións: completar a rede de centros cívicos onde sexa imprescindible, medidas de xestión que optimicen o aproveitamento e os custos, soste os equipamentos actuais, completar con novas equipamentos con criterios de maior uso e menor sostemento, actuar sobre os espazos libres e as zonas verdes e de lecer con sostemento e dotación de novas áreas que se consideren necesarias.

Estes programas de actuación contan cun Estudo Económico no que se recolle unha aproximación aos custos reais da súa implantación.

## **5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS**

Estes planos foron o resultado final dun proceso de toma de datos, adquisición de información, participación e propostas dos veciños afectados, e audiencia pública máis aprobación final polo Concello. A continuación expónse como se articulou dito proceso, e as súas correspondentes fases.

### **1. EXPLICACIÓN**

O traballo precisaba dun esforzo previo de explicación e asunción por parte dos axentes sociais da parroquia. Todos e cada un dos aspectos coas súas potencialidades e limitacións debían ser debatidos e aclarados, co obxecto de que este proxecto sexa compartido polos axentes sociais da parroquia.

### **2. RECOLLIDA DE DEMANDAS E COMPILACIÓN DE INFORMACIÓN**

En cada un dos apartados de cada Plano recóllense as demandas e propostas dos veciños. Mantivéronse reunións con veciños preocupados por unha ou varias áreas temáticas. Asemade, traballouse no tratamento da información facilitada polo Concello, á vez que se realizaban os traballos e inspeccións de campo precisas.

### **3. PLANOS INICIAIS**

Unha vez recollidas as demandas presentáronse os Planos iniciais que se aplicarían a cada parroquia, cos contidos precisados no art. 4 do Prego de Prescricións Técnicas redactado a este efecto.

### **4. PRIORIZACIÓN E SECUENCIACIÓN**

Xunto cos axentes sociais da parroquia, levouse a cabo unha priorización das actuacións propostas, determinando a súa secuenciación temporal aproximada. Isto fíxose en base aos seus custos previsibles, necesidades, número de destinatarios e atendendo a criterios de racionalidade e equitativos

## **6. FONTES DE INFORMACIÓN**

Os datos utilizados para a redacción do presente documento se obtiveron das seguintes fontes:

- |                              |                      |
|------------------------------|----------------------|
| -PXOM en tramitación         | -Datos censais (INE) |
| -Cartografía municipal       | -Traballo de campo   |
| -Fotografías aéreas (SIXPAC) |                      |

## 1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

### 1.1 Condicionantes territoriais

A Parroquia de Alba está situada ao noroeste do Concello de Pontevedra. Cunha extensión aproximada de 2,7Km<sup>2</sup>, limita ao leste coa Parroquia de Cerponzóns, ao sur coa Parroquia de Lárez, ao oeste coa de Campañó e ao norte co veciño Concello de Barro. Está composta por sete entidades de poboación recoñecidas no Nomenclátor: Lampreeira, O Bispo, Guxilde, Pontecabras, San Caetano, Reiriz, Touceda e A Devesa.

A parroquia desenvólvese de norte a sur entorno ao Val do Río de A Gándara. En superficie sofre un estrangulamento entre as parroquias de Campañó e Cerponzóns na súa zona central, quedando dividida en dúas partes diferenciadas: ao norte os núcleos de Reiriz e A Devesa, situados a media ladeira; e ao sur os lugares de Touceda, Guxilde e San Caetano, limitando coa periferia urbana de Pontevedra.

O Val do Río Gándara é o paso natural de importantes vías de comunicación (FFCC, AP-9), que constitúen unha barreira física que condiciona visiblemente as comunicacións internas da parroquia entre os distintos núcleos e non axudan a vertebrar os núcleos. Isto devén en que os propios núcleos da parroquia como A Devesa e Reiriz queden máis vinculados funcionalmente ás parroquias veciñas de Campañó e Cerponzóns respectivamente, que entre eles mesmos.

Sobre esta base física, tamén se apoian as estradas de Vilagarcía (C-531) e de Santiago, (N-550), que constitúen hoxe en día o viario estruturante da parroquia xunto coa estrada PO-225 que conecta a estas dúas. Estas vías de comunicación de escala supramunicipal facilitaron que a configuración tradicional dos núcleos fose mudando, expandindo os seus límites ao longo destas estradas e desaparecendo a súa morfoloxía tradicional. Estes condicionantes infraestruturais, ademais de reconfigurar a trama tradicional, introducen valores de proximidade e accesibilidade e, polo tanto, de localización de usos ligados ás sinerxías que ofrece a comunicación entre Pontevedra e Vilagarcía ou Santiago.

### 1.2 Poboación

A maior parte dos 850 hab. que ten a parroquia de Alba, concéntranse nos núcleos de A Devesa, Touceda e Reiriz. Como queda reflectido na seguinte táboa, esta parroquia remata o período 1981/2012 cun saldo negativo, experimentando un decrecemento do 3,64 %.

Nas tres últimas décadas os núcleos que mais medran son os de Reiriz, Touceda e San Caetano.

A Devesa segue a se-lo núcleo mais habitado aínda que nos últimos anos experimentou un crecemento negativo.

O núcleo de Guxilde segue a perder poboación a pesar de atoparse preto das estradas estruturantes enunciadas anteriormente.

NÚCLEOS	POBOACIÓN DE FEITO.						Nº DE VIVENDAS.			
	1981	1991	2001	2008	2012	Increment. %	1981	1991	2001	Increment. %
ALBA	797	930	869	850	768	-3,64	197	254	252	27,9
BISPO (O)	---	38	36	35	31	-18,42			12	---

<b>DEVESA (A)</b>	262	293	270	261	234	- 0,38	58	76	81	39,7
<b>GUXILDE</b>	106	91	69	65	56	-38,68	31	24	25	-19,4
<b>LAMPREEIRA</b>	17	11	12	15	18	- 11,8	3	3		---
<b>PONTECABRAS</b>	79	71	76	71	68	- 10,13	18	21	24	33,3
<b>REIRIZ</b>	109	152	146	151	137	38,5	26	37	40	53,8
<b>SAN CAETANO</b>	83	100	94	87	83	4,82	21	25	28	33,3
<b>TOUCEDA</b>	141	174	166	165	141	17,02	40	57	54	35,0

PARROQUIA DE ALBA. ÍNDICE DE VARIACIÓN 1981/2012

A pesares da diminución do número de habitantes, o parque de vivendas aumentou considerablemente nestes anos.

### 1.3 Dotacións e espazos libres

Touceda: Neste lugar sitúase o Matadoiro Municipal como equipamento de sistema xeral do concello. Este núcleo tamén acolle a maioría dos equipamentos parroquiais: a igrexa, a casa reitoral, o cemiterio e o campo da festa.

A Devesa: Aquí atopamos o campo de fútbol, a Capela de A Devesa e o local social, emprazado na antiga escola infantil.

Reiriz: Centro Social

Fonte Muiña: Campo de fútbol

A estes equipamentos temos que engadirles todos aqueles espazos libres e zonas verdes que se distribúen polos diferentes núcleos.

### 1.4 Patrimonio cultural

#### A DEVESA

A_006 RELIXIOSA	Capela da Devesa
E_029 CRUCEIRO	Cruceiro da Devesa
E_035 FONTE-LAVADOIRO	Fonte-lavadoiro da Devesa
E_036 FONTE-LAVADOIRO	Fonte Barbeita
F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte Grande
F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte das Hervas

#### GUXILDE

F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte da Zaforra
E_000 MUÍÑO	Muíño de Lela

#### LAMPREEIRA

F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte Regueiro
-----------------------	----------------

#### PONTECABRAS

A_013 CIVIL	Conxunto histórico da Cross
E_030 CRUCEIRO	Cruceiros (2) de Pontecabras
E_031 CRUCEIRO	Cruceiro de Pontecabras
E_037 FONTE-LAVADOIRO	Fonte-lavadoiro de Pontecabras

#### REIRÍZ

F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte Vía Coba
F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte Lago da Veiga
F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte Portal da Reina
F_000 FONTE-LAVADOIRO	Fonte de Rearíz

E_000	MUÍÑO	Muíño de Portoprado
E_000	MUÍÑO	Muíño de Portobarreiro
E_000	CRUCEIRO	Cruceiro
I_000	PASAL-PONTELLA	Pontella de Portoprado

### **SAN CAETANO**

A_007	RELIXIOSA	Capela de San Caetano
E_026	MUÍÑO	Muíño dos Paus / de Baixo
E_027	MUÍÑO	Muíño de Solla
E_028	MUÍÑO	Muíño da Ufa
E_032	FONTE-LAVADOIRO	Lavadoiro de San Caetano
I_001	PONTE	Ponte de San Caetano

### **TOUCEDA**

A_008	RELIXIOSA	Igrexa parroquial de Sta María
A_009	CASA GRANDE	Casa Reitoral
A_010	CASA GRANDE	Casa da Granxa
F_000	FONTE	Fonte

## **2. DIAGNOSE**

### **2.1 Problemática xeral**

O paso natural das grandes vías de comunicación a través do Val da Gándara (a AP-9, a estrada de Vilagarcía PO-531, a vía do ferrocarril e a N-550) seccionan e delimitan a parroquia tanto no Norte coma no Sur.

A totalidade da parroquia, está dotada de rede de saneamento de obra recente para todo o conxunto dos núcleos, mesmo dos mais tradicionais.

O viario interno, ten escasa sección e a falta de beirarrúas dificulta o tránsito peonil entre os distintos asentamentos.

O estado do pavimento é bo en xeral, salvo nas zonas máis internas dalgúns núcleos que presentan un pavimento de formigón de mala calidade.

### **2.2 Obxectivos**

- Mellora da infraestrutura viaria dos núcleos.
- Potenciación da zona da igrexa como núcleo de centralidade parroquial.
- Mellora da seguridade viaria cun trazado de conexión peonil entre o centro parroquial e o resto de lugares da parroquia.
- Posta en valor do Camiño Portugués.
- Creación de roteiros de sendeirismo que dean a coñecer os valores paisaxísticos e patrimoniais da parroquia ao resto de veciños de Pontevedra e a visitantes foráneos.
- Recuperación do patrimonio cultural da parroquia
- Aínda que o saneamento estivo incluído no listado de demandas dos veciños, non foi valorado nin priorizado, por depender a súa execución de acordos con outras administracións.



### 3. PROPOSTAS

NOME	CÓDIGO	PLANO	TRABALLOS	LOCALIZACIÓN	LONXITUDE	ANCHO	PREZO UNITARIO	PREZO	TOTAL
<b>VIARIO PEONIL</b>	C01	P.01	Arranxo de firme e pluviais	O Couto-Igrexa	200	1	98,07 €		19.614,00 €
	C02		Arranxo de firme e pluviais	O Bispo-O Porto	860	1	98,07 €		84.340,20 €
	C03		Arranxo de firme e pluviais	Veiga da Porta	251	1	98,07 €		24.615,57 €
	C04		Arranxo de firme e pluviais	Veiga do Porto	299	1	98,07 €		29.322,93 €
	C05		Arranxo de firme e pluviais	A Devesa-Soutonovo	815	1	98,07 €		79.927,05 €
	C06		Arranxo de firme e pluviais	Quinteiro de Abaixo	160	1	98,07 €		15.691,20 €
<b>PLAN DE ARRANXO DE FONTES</b>	F01	P.02	Cambio de cuberta e mellora do entorno	Lavadoiro da Devesa				11.000,00 €	11.000,00 €
	F02		Limpeza e mellora	Fonte de Reiriz				850,00 €	850,00 €
	F03		Limpeza e mellora	Fonte de Guxilde				450,00 €	450,00 €
	F04		Limpeza e mellora	Fonte de Fontegrande				450,00 €	450,00 €
	F05		Limpeza e mellora	Fonte Zaforra				450,00 €	450,00 €
<b>PLAN DE ARRANXO DE PISTAS</b>	P01	P.03	Asfaltado e pluviais	Camiño de Pontecabras	160			60.000,00 €	60.000,00 €
	P02		Asfaltado e pluviais	O Empalme	151	3,5	42,72 €		22.577,52 €
	P03		Asfaltado e pluviais	A Devesa(Lampreeira)	197	3,5	42,72 €		29.455,44 €
	P04		Cubrir pluviais	Guxilde	52	1	122,44 €		6.366,88 €
<b>ROTEIRO INTERPARROQUIAL</b>	R01		Limpeza e sinalización	A Ufa	185	1	2,00 €		370,00 €
<b>CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO</b>	CP01	P.04	Reconstrución	Cruceiro de Reiriz				6.000,00 €	6.000,00 €
	CP02		Limpeza e consolidación	Ponte da Veán				5.000,00 €	5.000,00 €
	CP03		Consolidación	Cruceiros de Pontecabras				4.000,00 €	4.000,00 €
<b>EQUIPAMENTOS</b>	AR01	P.05	Elementos de parque infantil	A Devesa				15.000,00 €	15.000,00 €
	AR02		Elementos de parque infantil	Reiriz				15.000,00 €	15.000,00 €
	AR03		Proxecto integral	Mellora do entorno da igrexa				50.000,00 €	50.000,00 €
	CS01		Acondicionamento térmico e pintado	Casa do pobo (Igrexa)				40.000,00 €	40.000,00 €
	CS02		Mobiliario	Casa do pobo (Igrexa)				5.000,00 €	5.000,00 €
<b>SEGURANZA VIARIA</b>	SV01	P.03	Calzado de tráfico e seguranza viaria	A Devesa	749			15.000,00 €	15.000,00 €

**540.480,79 €**

#### 4. PRIORIZACIÓN

NOME	CÓDIGO	1º PERIODO			2º PERIODO			3º PERIODO			
		2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
VIARIO PEONIL	C01			19.614,00 €							
	C02							84.340,20 €			
	C03						24.615,57 €				
	C04						29.322,93 €				
	C05						79.927,05 €				
	C06								15.691,20 €		
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01			11.000,00 €							
	F02					850,00 €					
	F03						450,00 €				
	F04								450,00 €		
	F05				450,00 €						
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01		60.000,00 €								
	P02			22.577,52 €							
	P03				29.455,44 €						
	P04			6.366,88 €							
ROTEIRO INTERPARROQUIAL	R01							370,00 €			
CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO	CP01		0,00 €								
	CP02		0,00 €								
	CP03		0,00 €								
EQUIPAMENTOS	AR01			15.000,00 €							
	AR02				15.000,00 €						
	AR03				50.000,00 €						
	CS01	40.000,00 €									
	CS02		5.000,00 €								
SEGURANZA VIARIA	SV				15.000,00 €						
		<b>40.000,00 €</b>	<b>65.000,00 €</b>	<b>74.558,40 €</b>	<b>109.905,44 €</b>	<b>80.777,05 €</b>	<b>54.388,50 €</b>	<b>84.710,20 €</b>	<b>16.141,20 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>

Asinado: O técnico

Xaquín Moreda González

## 5. PLANOS